



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

Xacobeo  2027



EMPREGO
GALICIA



GUÍA SECTORIAL

SECTOR DA CONSTRUCIÓN

**Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
2026**


RADIOGRAFÍA E CONTEXTO DO SECTOR EN GALICIA

O sector da construción engloba a planificación, deseño, edificación e mantemento de estruturas residenciais, non residenciais e infraestruturas de enxeñería civil. Abrangue dende a edificación de vivendas ata obras públicas, reformas e servizos especializados, sendo un motor económico clave que dinamiza o emprego e o investimento.

SUBSECTORES/ÁREAS PRINCIPAIS


- **EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL.** Actividades relacionadas coa albanelería e acabados, colocación e montaxe de revestimentos, estruturas, maquinaria de construción e proxectos e seguimento de obras.
- **ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA.** Actividades vinculadas a tarefas de montaxe, instalación e mantemento de instalacións eléctricas e electrónicas.
- **INSTALACIÓN E MANTEMENTO.** Contempla as áreas de frío e climatización, sistemas de illamento e mantemento mecánico.
- **MADEIRA, MOBLE E CORTIZA.** Tarefas de serrado e preparación industrial da madeira e traballos de carpintería e montaxe de mobles.
- **ENERXÍA E AUGA.** Actividades vinculadas coa distribución de gas, distribución e xestión da auga, enerxías renovables, eficiencia enerxética, e produción e distribución de electricidade.

ÁMBITO XEOGRÁFICO. PRINCIPAIS FOCOS DE ACTIVIDADE.



% Volume de contratacións por provincia

A Coruña - 9.957 - 52%
Pontevedra - 6.348 - 32%
Lugo - 1.480 - 7%
Ourense - 1.696 - 9%



Top 5 comarcas (volume de contratación aproximada)

A Coruña - 5.400
Vigo - 4.100
Santiago - 1.100
Ferrol - 1.100
Ourense - 1.000

Fonte: EMI. Elaboración propia a partir dos datos do aplicativo correspondentes ao ano 2025

- ❶ **EMi, Emprego Intelixente**, é unha ferramenta tecnolóxica implantada en todas as oficinas de emprego de Galicia, que conxuga datos, coñecementos e análise para axudar a mellorar a calidade do servizo.

INDICADORES ESTATÍSTICOS

7%

APORTACIÓN AO
VEB DE GALICIA

82.000

POSTOS DE
TRABALLO

+ 8.200

EMPRESAS EN
GALICIA

+ 27.000

CONTRATOS
EN 2025

*Estes datos non abranguen a totalidade dos sectores, senón unicamente os principais.

O sector da construción constitúe un pilar estrutural da economía galega, cunha contribución próxima ao 7% do Valor Engadido Bruto (VEB) da comunidade (IGE, 2024). Este peso económico vese reforzado pola súa capacidade de xeración de emprego, concentrando arredor de 82.000 postos de traballo, o que representa aproximadamente o 7,37% do total do emprego en Galicia. No que respecta ao tecido empresarial, a construción integra arredor do 10,5% das empresas con actividade en Galicia, evidenciando a súa relevancia cuantitativa dentro da estrutura produtiva. Trátase dun sector atomizado, caracterizado por unha predominancia clara de microempresas e persoas autónomas. Así, preto do 68% das unidades empresariais operan baixo a figura de empresarios individuais, mentres que un 27% adopta a forma xurídica de Sociedade de Responsabilidade Limitada (SRL). No cómputo global, preto do 95% das empresas existentes teñen menos de cinco persoas traballadoras.

Nº DE PERSOAS AFILIADAS Á SEGURIDADE SOCIAL EN 2025

ÁMBITO	RÉXIME XERAL	AUTÓNOMOS	TOTAL AFILIADOS
A Coruña	27.401	11.128	38.528
Lugo	5.631	3.497	9.127
Ourense	5.270	3.355	8.625
Pontevedra	17.594	9.069	26.664
GALICIA	55.896	27.049	82.944
NACIONAL	1.035.194	418.322	1.453.517

↓

O número medio de persoas afiliadas á Seguridade Social no sector durante 2025 rexistrou **82.944 persoas traballadoras**, o que supón un incremento anual do 1,8%

Fonte: Boletín Anual 2025 Galicia - Observatorio da Fundación Laboral de la Construcción

Nº DE EMPRESAS DO SECTOR INSCRITAS NA SEGURIDADE SOCIAL

↓

As empresas do sector da construción inscritas na Seguridade Social supoñen o **10,5%** do total de empresas na comunidade autónoma

ÁMBITO XEOGRÁFICO	TOTAL SECTORES	SECTOR CONSTRUCCIÓN	% SOBRE TOTAL EMPRESAS
A Coruña	33.197	3.462	10,4%
Lugo	10.746	1.033	9,6%
Ourense	9.160	921	10,1%
Pontevedra	29.445	3.089	10,5%
GALICIA	78.574	8.250	10,5%
NACIONAL	1.349.396	142.101	10.5%

Fonte: Boletín Anual 2025 Galicia - Observatorio da Fundación Laboral de la Construcción

PERFÍS MÁIS DEMANDADOS

Top 10 ocupacións

1. Albanelería
2. Peóns/peoas da construción de edificios
3. Electricistas da construción e afíns
4. Encofradores/as e formigoeiros/as
5. Operacións de de maquinaria e guindastre
6. Soldadura e montaxe de estruturas metálicas
7. Pintura e empapelado
8. Delineante
9. Fontanería e saneamento
10. Instalación de enerxías renovables

O sector da construción continúa sendo un dos principais motores da economía, especialmente no desenvolvemento de grandes infraestruturas como estradas, pontes, ferrocarrís e edificios. Para garantir a calidade e a seguridade destas obras, é fundamental contar con profesionais especializados, o que fai que certos perfís sexan moi demandados no mercado laboral.

Entre eles destacan os albaneis, que son a base de calquera proxecto, xa que participan tanto na construción de estruturas como nos acabados. Tamén son clave os encofradores e ferrallistas, responsables de dar forma e resistencia ás estruturas de formigón, especialmente en obras de gran tamaño. Pola súa banda, os operadores de maquinaria pesada encárganse do manexo de equipos como escavadoras e guindastres, imprescindibles para o movemento de terras e a montaxe de estruturas.

Outros profesionais moi solicitados son os electricistas de obra civil, que instalan e manteñen sistemas eléctricos en infraestruturas modernas, así como fontaneiros e instaladores, necesarios para as redes de auga, gas e saneamento. Ademais, os topógrafos desempeñan un papel fundamental na planificación inicial das obras, mentres que os técnicos en prevención de riscos laborais garanten o cumprimento das normas de seguridade.

PRINCIPAIS CÓDIGOS CNO EN CONSTRUCCIÓN (CNO-11)

CNO-2: Técnicos e profesionais científicos e intelectuais

- 2432 - Enxeñeiros en construción e obra civil
- 2462 - Enxeñeiros técnicos de obras públicas

CNO-3: Técnicos; profesionais de apoio

- 3122 - Técnicos en construción
- 3123 - Técnicos en electricidade
- 3202 - Supervisores da construción

CNO-8: Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores

- 8331 - Operadores de maquinaria de movementos de terras e equipos similares

CNO-9: Ocupacións elementais

- 9601 - Peóns de obras públicas
- 9602 - Peóns da construción de edificios

CNO-7: Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria)*

- 7111 - Encofradores e operarios de posta en obra de formigón
- 7121 - Albaneis
- 7131 - Carpinteiros (excepto ebanistas)
- 7191 - Mantedores de edificios
- 7211 - Escaiologistas
- 7221 - Fontaneiros
- 7222 - Montadores-instaladores de gas en edificios
- 7231 - Pintores e empapeladores
- 7240 - Soladores, colocadores de parqué e afíns
- 7250 - Mecánicos-instaladores de refrixeración e climatización.
- 7291 - Montadores de cubertas
- 7510 - Electricistas da construción e afíns

*A maioría das ocupacións do sector encádranse no grupo CNO-7 polo seu carácter técnico e á necesidade de cualificación e experiencia profesional.

COMPETENCIAS E PERFIL DA PERSOA CANDIDATA

Cada profesión require un conxunto específico de competencias que van máis alá dos coñecementos técnicos básicos. A continuación, abórdanse algunhas das competencias máis importantes —sen ánimo de ser unha listaxe exhaustiva— co obxectivo de ofrecer unha referencia clara sobre as capacidades necesarias en cada perfil.

7121 - Albaneis

1. Coordinar actividades de construción
2. Colocar valos de seguridade e rodapiés
3. Interpretar planos técnicos
4. Utilizar ferramentas de medición
5. Aplicar morteiro
6. Levantar muros de ladrillo
7. Revestir superficies
8. Realizar demolicións manuais
9. Instalar illamento térmico
10. Seguir normas de saúde e seguridade

7510 - Electricistas da construción

1. Instalar luces en equipos de transporte/edificios
2. Interpretar planos eléctricos
3. Utilizar equipos de medición eléctrica
4. Instalar condutos eléctricos
5. Realizar o cableado
6. Instalar cadros eléctricos
7. Manter sistemas eléctricos
8. Localizar avarías eléctricas
9. Conectar equipos de baixa tensión
10. Aplicar normas de seguridade eléctrica

8331 - Operadores de maquinaria

1. Operar maquinaria de movemento de terras
2. Coordinar actividades de construción
3. Manter equipos de construción
4. Interpretar planos de nivelación
5. Seguir normas de saúde e seguridade
6. Escavar gabias
7. Nivelar superficies
8. Cargar materiais
9. Operar en pendentes
10. Comprobar o funcionamento dos controis

9602 - Peóns da construción de edificios

1. Limpar as zonas de traballo
2. Cargar e descargar materiais
3. Preparar mesturas de construción
4. Utilizar ferramentas manuais sinxelas
5. Montar estruturas auxiliares simples
6. Escavar gabias manualmente
7. Aplicar normas de saúde e seguridade
8. Seguir instrucións verbais
9. Manipular cargas con certeza
10. Prestar apoio a especialistas

7111 - Encofradores e ferrallistas

1. Coordinar actividades de construción
2. Colocar valos de seguridade e rodapiés
3. Interpretar planos de estruturas
4. Montar sistemas de encofrado vertical
5. Montar sistemas de encofrado horizontal
6. Utilizar niveis e plomadas
7. Aplicar desencofrante
8. Realizar o apontoamento
9. Cortar madeira de construción
10. Seguir normas de saúde e seguridade

7231 - Pintores e empapeladores

1. Preparar o revestimento do vehículo / superficie
2. Aplicar capas de pintura
3. Mesturar cores de pintura
4. Lixar superficies
5. Selar gretas e ocos
6. Utilizar equipos de protección individual (EPI)
7. Montar estruturas auxiliares simples
8. Protexer elementos non pintables
9. Eliminar pintura antiga
10. Aplicar imprimación

A Comisión Europea lanzou no ano 2018 a ferramenta **European Skills, Competences, Qualifications and Occupations** (ESCO / Habilidades, Competencias, Cualificacións e Ocupacións Europeas), co obxectivo de establecer unha linguaxe común que facilite a transparencia e a comparabilidade no mercado laboral europeo.

COMPETENCIAS DIXITAIS

A tecnoloxía dixital permite automatizar parte das actividades da construción, mellorar a comunicación entre as persoas que participan nela ou tomar decisións baseadas en datos reais e simulacións realizadas a partir de modelos dixitais.

TECNOLOXÍAS DIXITAIS APLICADAS Á CONSTRUCIÓN



Na imaxe preséntase unha selección de ferramentas dixitais aplicadas ao sector da construción, co obxectivo de ilustrar algúns dos recursos máis relevantes na actualidade. Destácanse como principais ferramentas os drons, a realidade aumentada e a metodoloxía BIM, mentres que os cobots se presentan como unha tecnoloxía de carácter máis futurista. Os edificios intelixentes, pola súa banda, son o produto das novas tecnoloxías aplicadas á construción: conectividade, domotización, etc.

CENTROS QUE IMPARTEN ESTE TIPO DE FORMACIÓN:

COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

O seu programa de actividades de formación inclúe: cursos e xornadas presenciais, cursos online, colaboracións, e charlas e visitas técnicas.


FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN

A Fundación Laboral da Construción ten a disposición o acceso gratuito a cursos online de corta duración, así como formación 100% subvencionada.

➡ En **Galicia** existe un marco específico: o **Marco Galego de Competencias Dixitais**, que define os coñecementos, habilidades e actitudes necesarias para desenvolverse en contornas dixitais, tanto a nivel privado como profesional.

Este marco materialízase na **Certificación ComDix**, unha acreditación oficial promovida pola Xunta de Galicia que permite avaliar e demostrar o nivel de competencia dixital dunha persoa.

ITINERARIO FORMATIVO



RECURSOS E INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Portal Estatal de Formación Profesional

Portal oficial con información sobre a oferta de formación profesional, itinerarios formativos e recursos para o desenvolvemento de competencias.

Acreditación de competencias

Procedemento que permite recoñecer oficialmente as competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou vías non formais de formación.

Portal de emprego da Xunta de Galicia

Portal con ofertas de emprego, orientación laboral, programas de formación e recursos para mellorar a inserción e empregabilidade en Galicia.

Sistema Universitario Galego

Información sobre o acceso á universidade en Galicia, titulacións dispoñibles e orientación académica para a continuidade dos estudos.

FAMILIAS PROFESIONAIS

As familias profesionais son agrupacións de accións formativas e cualificacións profesionais afíns, organizadas no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, que comparten competencias técnicas e sectores produtivos similares. En España, existen 26 familias profesionais.



Actividades físicas e
deportivas



Electricidade e
electrónica



Industrias extractivas



Seguridade e medio
ambiente



Administración e xestión



Enerxía e auga



Informática e
comunicacións



Servizos socioculturais e
á comunidade



Agraria



Fabricación mecánica



Instalación e
mantemento



Textil, confección e pel



Artes gráficas



Hostelería e turismo



Madera, moble e cortiza



Transporte e
mantemento de
vehículos



Artes e artesanías



Imaxe Persoal



Marítimo-pesqueira



Vidro e cerámica



Comercio e marketing



Imaxe e son



Química



Edificación e obra civil



Industrias alimentarias



Sanidad



FORMACIÓN PROFESIONAL POR FAMILIAS

EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL

Grao Básico

D1EOC001100 Reforma e mantemento de edificios

Grao Medio

D2EOC000200 Obras de interior, decoración e rehabilitación

Grao Superior

D3EOC000100 Proxectos de edificación

D3EOC000200 Proxectos de obra civil

ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

Grao Básico

D1ELE001100 Electricidade e electrónica

D1ELE001200 Instalacións electrotécnicas e mecánica

Grao Medio

D2ELE000200 Instalacións de telecomunicacións

D2ELE000100 Instalacións eléctricas e automáticas

E2ELE005000 Implementación de redes 5G

E2ELE005100 Instalación e mantemento de sistemas conectados a internet (IoT)

Grao Superior

D3ELE000300 Automatización e robótica industrial

D3ELE000400 Mantemento electrónico

D3ELE000200 Sistemas de telecomunicacións e informáticos

D3ELE000100 Sistemas electrotécnicos e automatizados

E3ELE005100 Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación

E3ELE005200 Robótica colaborativa

E3ELE005000 Sistemas de sinalización e telecomunicacións ferroviarias

INSTALACIÓN E MANTEMENTO

Grao Básico

D1IMA001100 Mantemento de vivendas

Grao Medio

D2IMA000100 Instalacións frigoríficas e de climatización

D2IMA000300 Mantemento electromecánico

Grao Superior

D3IMA000100 Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos

D3IMA000200 Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos

D3IMA000300 Mecatrónica industrial

E3IMA005000 Dixitalización do mantemento industrial

E3IMA005100 Fabricación intelixente

E3IMA005200 Modelaxe da información da construción (BIM)

MADEIRA, MOBLE E CORTIZA

Grao Básico

D1MAM001100 Carpintaría e moble

Grao Medio

D2MAM000100 Carpintaría e moble

D2MAM000200 Instalación e amoblamento

Grao Superior

D3MAM000100 Deseño e amoblamento

ENERXÍA E AUGA

Grao Superior

D3ENA000100 Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica

D3ENA000200 Enerxías renovables

E3ENA005000 Auditoría enerxética



Oferta ordinaria 2025-2026

Para máis información sobre a oferta ordinaria de FP: prazas dispoñibles, centros educativos, datos de contacto e modalidade de impartición.

CERTIFICADOS PROFESIONAIS

Actualmente están regulados **máis de 500 Certificados Profesionais**, que dan resposta a niveis de cualificación 1, 2 e 3.

Repertorio Nacional de Certificados Profesionais

Competencias clave para certificados profesionais

Buscador de Certificados



EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL EOC

EOCB ALBANERÍA E ACABADOS
EOCJ COLOCACIÓN E MONTAXE
EOCE ESTRUTURAS
EOCH FORMIGÓN
EOCO PROXECTOS E SEGUIMIENTO DE OBRAS

Nivel 1

EOCB0109 Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción, 360 h
EOCB0209 Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, 300 h
EOCB0208 Operacións auxiliares de albanería de fábricas e cubricións, 280 h
EOCJ0311 Operacións básicas de revestimentos lixeiros e técnicos en construción, 270 h
EOCH0108 Operacións de formigón, 220 h

Nivel 2

EOCE0111 Armaduras pasivas para formigón, 530 h
EOCB0111 Cubertas inclinadas, 570 h
EOCE0211 Encofrados, 530 h
EOCB0108 Fábricas de albanería, 410 h
EOCJ0111 Impermeabilización mediante membranas formadas con láminas, 510 h
EOCJ0110 Instalación de placa de xeso lamelado e falsos teitos, 470 h
EOCJ0211 Instalación de sistemas técnicos de pavimentos, empanelados e biombo, 310 h
EOCJ0109 Montaxe de estadas tubulares, 280 h
EOCB0211 Pavimentos e albanería de urbanización, 410 h
EOCB0110 Pintura decorativa en construción, 560 h
EOCB0311 Pintura industrial en construción, 520 h
EOCB0210 Revestimentos con pastas e morteiros en construción, 590 h
EOCB0310 Revestimentos con pezas ríxidas por adherencia en construción, 670 h



Nivel 3

EOC00212 Control de execución de obras civís, 530 h
EOC00112 Control de execución de obras de edificación, 630 h
EOC00109 Control de proxectos e obras de construción, 430 h
EOCE0109 Levantamentos e replanteos, 480 h
EOC00108 Representación de proxectos de edificación, 480 h
EOC00208 Representación de proxectos de obra civil, 480 h



ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

ELE

ELEQ EQUIPOS ELECTRÓNICOS

ELES INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓN

ELEE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS

ELEM MÁQUINAS ELECTROMECAÑICAS

Nivel 1

ELES0208 Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios, 300 h

ELEE0108 Operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas, 140 h

ELEQ0111 Operacións auxiliares de montaxe e mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos, 310 h

Nivel 2

ELEQ0108 Instalación e mantemento de sistemas de electromedicina, 480 h

ELEM0411 Mantemento de electrodomésticos, 420 h

ELES0111 Montaxe e mantemento de equipamento de rede e estacións base de telefonía, 510 h

ELES0108 Montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicacións en edificios, 330 h

ELES0109 Montaxe e mantemento de instalacións de megafonía, sonorización de locais e circuito cerrado de televisión, 270 h

ELEE0109 Montaxe e mantemento de instalacións eléctricas de baixa tensión, 840 h

ELEE0209 Montaxe e mantemento de redes eléctricas de alta tensión de segunda e terceira categoría e centros de transformación, 410 h

ELEM0311 Montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial, 390 h

ELEM0111 Montaxe e mantemento de sistemas domóticos e inmóticos, 360 h

ELES0211 Montaxe e mantemento de sistemas de produción audiovisual e de radiodifusión, 360 h

ELES0209 Montaxe e mantemento de sistemas de telefonía e infraestruturas de redes locais de datos, 340 h

ELEQ0211 Reparación de equipos electrónicos de audio e vídeo, 500 h

Nivel 3

ELES0110 Desenvolvemento de proxectos de infraestruturas de telecomunicación e redes de voz e datos na contorna de edificios, 420 h

ELEE0110 Desenvolvemento de proxectos de instalacións eléctricas na contorna de edificios e con fins especiais, 440 h

ELEE0210 Desenvolvemento de proxectos de redes eléctricas de baixa e alta tensión, 610 h

ELEM0110 Desenvolvemento de proxectos de sistemas de automatización industrial, 550 h

ELEM0511 Desenvolvemento de proxectos de sistemas domóticos e inmóticos, 430 h

ELEQ0208 Xestión e supervisión da instalación e mantemento de sistemas de electromedicina, 620 h

ELES0411 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de equipamento de rede e estacións base de telefonía, 690 h

ELEE0310 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de instalacións eléctricas na contorna de edificios, 620 h

ELES0210 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento das infraestruturas de telecomunicación e redes de voz e datos na contorna de edificios, 600 h

ELEE0410 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de redes eléctricas aéreas de alta tensión de segunda e terceira categoría, e centros de transformación de intemperie, 560 h

ELEE0610 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de redes eléctricas de baixa tensión e alumbrado exterior, 540 h

ELEE0510 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de redes eléctricas subterráneas de alta tensión de segunda e terceira categoría e centros de transformación de interior, 560 h

ELEM0210 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial, 530 h

ELES0311 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de sistemas de produción audiovisual e de radiodifusión, 600 h

ELEM0211 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de sistemas domóticos e inmóticos, 430 h

ELEQ0311 Mantemento de equipos electrónicos, 600 h



INSTALACIÓN E MANTEMENTO

IMA

IMAR FRÍO E CLIMATIZACIÓN

IMAQ MAQUINARIA E EQUIPO INDUSTRIAL

IMAI MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS

Nivel 1

IMAI0108 Operacións de fontanería e calefacción-climatización doméstica, 320 h

Nivel 2

IMAQ0108 Mantemento e montaxe mecánica de equipamento industrial, 510 h

IMAQ0110 Instalación e mantemento de ascensores e outros equipos fixos de elevación e transporte, 480 h

IMAI0110 Instalación e mantemento de sistemas de aislamiento térmico, acústico e protección pasiva contra o lume, 540 h

IMAR0208 Montaxe e mantemento de instalacións de climatización e ventilación-extracción, 380 h

IMAR0408 Montaxe e mantemento de instalacións caloríficas, 380 h

IMAR0108 Montaxe e mantemento de instalacións frigoríficas, 420 h

Nivel 3

IMAR0508 Desenvolvemento de proxectos de instalacións caloríficas, 490

IMAR0109 Desenvolvemento de proxectos de instalacións de climatización e ventilación-extracción, 490 h

IMAQ0210 Desenvolvemento de proxectos de instalacións de manutención, elevación e transporte, 540 h

IMAR0209 Desenvolvemento de proxectos de instalacións frigoríficas, 490 h

IMAR0308 Desenvolvemento de proxectos de redes e sistemas de distribución de fluídos, 510 h

IMAI0210 Xestión e supervisión de montaxe e mantemento de sistemas de aislamiento térmico, acústico e contra o lume, 540 h

IMAR0409 Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións de climatización e ventilación-extracción, 460 h

IMAR0309 Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións frigoríficas, 460 h

IMAQ0208 Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de maquinaria, equipo industrial e liñas automatizadas de produción, 490 h

IMAI0208 Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de redes e sistemas de distribución de fluídos, 500 h

IMAR0509 Planificación, xestión e realización do mantemento e supervisión da montaxe de instalacións caloríficas, 460 h





ENERXÍA E AUGA

ENA

ENAA AUGA
ENAT CAPTACIÓN, TRATAMENTO E DISTRIBUCIÓN DA AUGA
ENAL ENERXÍA ELÉCTRICA
ENAE ENERXÍAS RENOVABLES
ENAS GAS

Nivel 1

ENAE0111 Operacións básicas na montaxe e no mantemento de instalacións de enerxías renovables, 420 h

Nivel 2

ENAE0108 Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas, 420 h
ENAE0208 Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, 420 h
ENAT0108 Montaxe e mantemento de redes de auga, 370 h
ENAS0108 Montaxe e mantemento de redes de gas, 370 h
ENAS0110 Montaxe, posta en servizo, mantemento, inspección e revisión de instalacións receptoras e aparatos de gas, 460 h

Nivel 3

ENAC0108 Eficiencia enerxética de edificios, 800 h
ENAL0110 Xestión da operación en centrais hidroeléctricas, 650 h
ENAL0108 Xestión da operación en centrais termoeléctricas, 670 h
ENAE0408 Xestión da montaxe e mantemento de parques eólicos, 460 h
ENAS0208 Xestión da montaxe e mantemento de redes de gas, 440 h
ENAL0210 Xestión da montaxe e mantemento de subestacións eléctricas, 540 h
ENAA0112 Xestión do uso eficiente da auga, 680 h
ENAA0109 Organización e control da montaxe e mantemento de redes e instalacións de auga e saneamento, 430 h
ENAE0508 Organización e proxectos de instalacións solares fotovoltaicas, 470 h
ENAE0308 Organización e proxectos de instalacións solares térmicas, 470 h



MADEIRA, MOBLE E CORTIZA

MAM

MAMB INSTALACIÓN E AMOBLAMENTO
MAMD PRODUCCIÓN, CARPINTARÍA E MOBLE
MAMA TRANSFORMACIÓN MADEIRA E CORTIZA

Nivel 1

MAMD0109 Aplicación de vernices e lacas en elementos de carpintería e moble, 170 h
MAMD0209 Traballos de carpintería e moble, 220 h
MAMA0309 Fabricación de obxectos de cortiza, 220 h
MAMA0109 Fabricación de tapóns de cortiza, 320 h

Nivel 2

MAMS0108 Instalación de elementos de carpintería, 420 h
MAMR0308 Mecanizado de madeira e derivados, 400 h
MAMR0108 Montaxe de mobles e elementos de carpintería, 380 h
MAMR0208 Acabado de carpintería e moble, 410 h
MAMA0209 Aserrado de madeira, 330 h
MAMA0210 Fabricación de tableros de partículas e fibras de madeira, 270 h
MAMR0408 Instalación de mobles, 470 h
MAMB0210 Montaxe e instalación de construcións de madeira, 430 h
MAMA0110 Obtensión de chapas, tableiros contrachapados e rechapados, 240 h
MAMA0310 Preparación da madeira, 270 h

Nivel 3

MAMD0110 Organización e xestión da produción en industrias do moble e da carpintería, 460 h
MAMD0210 Planificación e xestión da fabricación en industrias de madeira e cortiza, 450 h
MAMD0309 Proxectos de carpintería e moble, 510 h
MAMB0110 Proxectos de instalación e amoblamento, 340 h



CURSOS PROPIOS

Os cursos propios poden consultarse no **portal Diplos**, onde figura información detallada sobre a oferta formativa, características dos cursos, requisitos de acceso e proceso de inscrición.

O portal conta cun sistema de **subscricións** que permite personalizar a búsqueda por ámbito xeográfico e recibir avisos semanais con información actualizada.

PORTAL DIPLOS

[EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL](#)
[ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA](#)
[ENERXÍA E AUGA](#)
[INSTALACIÓN E MANTEMENTO](#)
[MADEIRA, MOBLE E CORTIZA](#)

PROGRAMAS DUAIS DE FORMACIÓN E EMPREGO

Emprego Galicia financia e promove en colaboración con entidades públicas, institucións e entidades sen ánimo de lucro unha serie de programas de emprego destinados a favorecer a contratación de persoas demandantes.

- [Programas de emprego para persoas mozas](#)
- [Obradoiros de emprego](#)

BUSCADOR DE CURSOS FUNDÆ

A Fundación Estatal para a formación no emprego é unha entidade de natureza privada adscrita ao sector público estatal, integrada pola Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as organizacións empresariais e sindicais máis representativas estatais.

PRÁCTICAS NON LABORAIS EN EMPRESAS

As prácticas non laborais en empresas son unha modalidade formativa dirixida a persoas que están a realizar ou xa finalizaron unha acción formativa para o emprego. O seu obxectivo é complementar os coñecementos teóricos adquiridos mediante una experiencia práctica nun contorno real de traballo.

PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO

Instrumentos dirixidos á mellora la ocupabilidade e á inserción social das persoas desempregadas, mediante un conxunto integrado de accións de orientación, formación e intermediación nun período de 12 meses.

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Destinados a mellorar a empregabilidade a través da adquisición de experiencia profesional mediante un contrato de traballo para realizar obras e servizos de interese xeral e social.

AVALIACIÓN, RECOÑECIMENTO E ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS

Por medio deste procedemento a persoa interesada pode obter un certificado oficial válido en toda España que demostra a súa experiencia e coñecemento, e que pode axudar a mellorar o teu futuro profesional.

SOLICITUDES

A solicitude de participación deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica cubrindo previamente os datos no sistema de información [ACREDITACION](#), desde onde deberá xerarse o formulario normalizado que se presentará necesariamente na [sede electrónica da Xunta de Galicia](#). Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave [Chave365](#).

FASES DO PROCEDEMENTO

1. Asesoramento

Un asesor/a axudará a recompilar todas as probas para defender a competencia profesional: proxectos, traballos, certificados de estudos, cursos, referencias e informes de empregadores. Inclúe un cuestionario de autoavaliación.

2. Avaliación das Competencias Profesionais

A comisión de avaliación empregará os métodos necesarios: observación directa no posto de traballo, simulacións, probas estandarizadas de competencia profesional ou entrevista profesional.

3. Acreditación e Rexistro das Competencias

Ao superar o proceso de avaliación obtense unha acreditación de cada unidade de competencia na que se demostrou a competencia profesional.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN PROCEDEMENTO



Nacionalidade

Española, residente comunitario/familiar UE (RD 240/2007) ou con autorización de residencia en vigor.



Idade mínima

18 anos para unidades de nivel 1. 20 anos para unidades de nivel 2 e 3.



Experiencia ou Formación

Experiencia laboral e/ou formación non formal relacionada coas competencias acreditables.

Experiencia Laboral

Nivel 1: Mínimo 2 anos / 1.200 horas traballadas nos últimos 15 anos.

Nivel 2 e 3: Mínimo 3 anos / 2.000 horas traballadas nos últimos 15 anos.

Formación Non Formal

Nivel 1: Mínimo 200 horas nos últimos 10 anos.

Nivel 2 e 3: Mínimo 300 horas nos últimos 10 anos.

 As persoas candidatas non poderán estar matriculadas en FP nin posuír títulos ou certificados que conteñan as unidades de competencia solicitadas, nin estar inscritas noutro procedemento de recoñecemento das mesmas unidades.

CARNÉS PROFESIONAIS

TARXETA PROFESIONAL DA CONSTRUCCIÓN E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O sector da construción é unha contorna laboral con alta sinistralidade, onde as persoas traballadoras afrontan riscos como caídas en altura, uso de maquinaria pesada, sobreesforzos físicos e uso incorrecto de ferramentas. Segundo o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST), o índice de sinistralidade é o dobre da media nacional.

O Convenio Xeral do Sector da Construción (CXSC), define os seguintes niveis de formación obrigatoria na materia:

- **FORMACIÓN INICIAL (8 horas).** Coñecida como primeiro ciclo, abrangue os riscos xerais do sector e as medidas preventivas básicas. Este nivel é suficiente para perfís como vixiantes, persoal de limpeza ou traballadores/as de subministracións.
- **FORMACIÓN ESPECÍFICA (20 horas).** Aquelas persoas que desempeñan oficios especializados deben completar unha formación presencial e específica de segundo ciclo, adaptada aos riscos propios da súa actividade. Entre os oficios que requiren esta formación inclúense: albanilería, demolición e rehabilitación, encofrados, ferrallado, revestimento de xeso, electricidade, fontanería e instalacións de climatización, pintura, operadores de vehículos e maquinaria de movemento de terras, operadores de equipos manuais, entre outros.
- **FORMACIÓN DE NIVEL BÁSICO DE PRL (60 horas).** Dirixida a perfís con funcións preventivas ou de supervisión, non é necesaria para operarios base.
- **FORMACIÓN PARA O DELEGADO/A DE PREVENCIÓN (70 horas).** Impartida de forma presencial, ou mixta (50 horas teleformación/20 horas presenciais).

☐ *Os certificados de profesionalidade incorporan a formación de prevención de riscos laborais polo que a realización dos certificados de nivel 1 xa permiten a contratación directa no sector como especialista, sendo unha vía moi común de entrada de persoas sen experiencia no sector*

O **Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA)** ofrece unha ampla oferta de formación en materia de Prevención de Riscos Laborais (PRL), dirixida tanto a persoas traballadoras como a empresas e profesionais do ámbito preventivo, co obxectivo de promover unha cultura de seguridade e saúde no traballo, facilitando coñecementos e ferramentas prácticas que contribúan á redución de accidentes laborais e enfermidades profesionais.

Formación ISSGA

Buscador cursos SEPE

Formación FUNDAE

A **Tarxeta Profesional da Construción (TPC)** é un documento oficial que ten como obxectivo acreditar a formación específica da persoa traballadora en materia de prevención de riscos laborais, así como a súa calificación profesional e experiencia. Para obtela, é requisito imprescindible recibir, polo menos, a formación inicial de prevención de riscos laborais.

FINALIDADE
Avala a experiencia no sector, a cualificación profesional e a formación recibida.

EXPEDICIÓN
Fundación Laboral da Construción

Puntos de tramitación



SOLICITUDE
- Presencial, en calquera centro da FLC
- Online, na [web oficial](#)

VALIDEZ
- 5 anos, renovables
- Válida para todo o territorio nacional

OUTRAS FORMACIÓNS ESPECÍFICAS VALORADAS NO SECTOR

No ámbito da construción en Galicia, ademais da formación profesional, existen distintos **carnés e certificacións técnicas** que melloran a empregabilidade e que, en moitos casos, son esixidos polas empresas para poder desempeñar determinados postos. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Formación Profesional, publica no Diario Oficial de Galicia a convocatoria dos exames para a obtención de habilitacións profesionais e carnés profesionais:

Carnés profesionais

- Carné profesional de instalacións térmicas de edificios.
- Carné profesional de operador/a de guindastre torre.
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopulsado, categoría A.
- Carné profesional de operador/a de guindastre móbil autopulsado, categoría B.

[Ver información sobre as probas](#)

Habilitacións profesionais

- Operador/a industrial de caldeiras
- Instalador/a de gas, categoría A.
- Instalador/a de gas, categoría B.
- Instalador/a de gas, categoría C.
- Instalador/a de produtos petrolíferos líquidos, categoría I, II e III
- Manipulador/a de equipos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Manipulador/a de equipos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a tres quilogramos de gases fluorados.
- Manipulador/a de equipos de transporte refrixerado de mercancías de calquera carga de refrixerantes fluorados.
- Manipulador/a de equipos de transporte refrixerado de mercancías que empreguen menos de tres quilogramos de refrixerantes fluorados

[ED537A](#) - Inscripción nas probas para a obtención de determinados carnés profesionais e habilitacións profesionais

Outros carnés:

- Carné RITE (instalacións térmicas en edificios) - [Procedemento IN613D](#)
- Habilitacións en instalacións eléctricas de baixa tensión - [Procedemento IN614C](#)



- ☐ **NORMAS UNE.** Estándares técnicos elaborados por Asociación Española de Normalización que establecen criterios, especificacións e boas prácticas para garantir a calidade, seguridade e eficiencia de produtos, servizos e procesos.

No sector da construción, as normas UNE implican a definición de requisitos técnicos para materiais, sistemas construtivos e procedementos de execución, contribuíndo a mellorar a seguridade das obras, a durabilidade das edificacións e o cumprimento da normativa vixente. Ademais, facilitan a estandarización, a innovación e a competitividade das empresas do sector.

No caso das **carretillas** elevadoras, a referencia habitual é a norma **UNE 58451**, que establece os criterios para a formación dos operadores de carretillas de manutención ata 10.000 kg, garantindo que o persoal adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para un uso seguro e eficiente delas.

Pola súa banda, para o manexo de **plataformas elevadoras móbiles de persoal** (PEMP), aplícase como referencia formativa a norma **UNE 58923**, que regula a capacitación dos operadores neste tipo de maquinaria.

Do mesmo xeito que no caso das carretillas elevadoras e das plataformas elevadoras, a formación en andamios segue a ser altamente demandada no sector da construción e mantemento industrial, ao tratarse de actividades con elevado risco e presenza habitual en obra.

A CONTRATACIÓN NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN

A construción é unha das actividades económicas con máis forza laboral tanto na nosa comunidade autónoma como a nivel estatal, e por ese motivo representa tamén un dos principais sectores aos que se incorporan as persoas extranxeiras que se instalan en Galicia. As persoas migrantes contratadas no sector da construción responden á crecente demanda de persoal, que leva anos sendo moi complicada de cubrir cas persoas autóctonas, motivado principalmente pola preferencia das persoas novas por outras profesións máis relacionadas cos seus estudos e máis tecnolóxicas, o que mingou o seu interese polo sector da construción.


Segundo estudos da Seguridade Social, a construción é o **cuarto sector con máis persoas cotizantes extranxeiras** no réxime xeral.

18.8k

■ Total Contratacións nacionais en Galicia

7.84k

■ Total Contratación de persoas extranxeiras



Fonte: Elaboración propia cos Datos estadísticos por Comunidades Autónomas e provincias do Servizo Público de Emprego Estatal

**Datos relativos aos principais sectores da construción*

PROGRAMAS RELACIONADOS COA CONTRATACIÓN DE PERSOAS EXTRANXEIRAS

PROGRAMA ARRAIGO PARA A FORMACIÓN

O Programa de arraigo para a formación ten como obxectivo principal cubrir as necesidades de persoal cualificado das empresas e facilitar a incorporación ao mercado laboral de persoas inmigrantes en situación irregular ou precaria. Ademais, busca evitar que teñan que recorrer a outras autorizacións excepcionais, como o arraigo laboral ou social.

PORTAL RETORNO CUALIFICA EMPREGO

A Xunta de Galicia aposta polas persoas emigrantes e a súa descendencia, brindándolle a oportunidade de voltar a Galicia e poder desenvolver un proxecto de vida na comunidade.

HOMOLOGACIÓNS

1. HOMOLOGACIÓN E VALIDACIÓN DE TÍTULOS E ESTUDOS ESTRANXEIROS NON UNIVERSITARIOS

A homologación de títulos, diplomas ou estudos estranxeiros de **educación non universitaria** supón a declaración da equivalencia cos títulos do sistema educativo español vixente a efectos de continuar estudos nun Centro docente español.

Títulos españois aos que se poden homologar ou validar os estudos estranxeiros:

Educación Secundaria Obrigatoria

- Título de Graduado ou Graduada en Educación Secundaria Obrigatoria

Bacharelato

- Título de Bacharel

Formación Profesional

- Título Profesional Básico
- Título de Técnico
- Título de Técnico Superior

Ensinanzas deportivas

- Título de Técnico Deportivo
- Título de Técnico Deportivo Superior

Ensinos artísticos profesionais

- Título Profesional de Música
- Título Profesional de Danza
- Título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño
- Título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño

Ensinos artísticos superiores

- Título de Grao en Ensinos Artísticos de Música
- Título de Grao en Ensinos Artísticos de Danza
- Título de Grao en Ensinos Artísticos de Arte Dramática
- Título de Grao en Ensinos Artísticos de Conservación e Restauración de Bens Culturais
- Título de Grao en Ensinos Artísticos de Artes Plásticas (Cerámica ou Vidro)
- Título de Grao en Ensinos Artísticos de Deseño
- Títulos de Mestrado en Ensinos Artísticos homologados por este Ministerio

- ② A homologación ou validación de **estudios de formación profesional** é competencia do Ministerio de Educación e Formación Profesional agás se o solicitante reside no ámbito territorial das Comunidades Autónomas de Galicia, de Cataluña ou do País Vasco, nese caso o solicitante deberá dirixirse á correspondente unidade competente desa comunidade autónoma: [Galicia, acceso ao servizo correspondente](#)

Máis información en:

[Fai clic aquí](#)

2. RECOÑECIMENTO DE EQUIVALENCIA DE ESCOLARIDADE DE ESTUDOS ESTRANXEIROS EQUIPARABLES A 2º OU 3º DA E.S.O.

A través deste trámite pódese solicitar o recoñecemento da equivalencia de escolaridade de estudos estranxeiros de oito ou nove anos coa esixida para os cursos 2º ou 3º de E.S.O., respectivamente.

[Web estatal de educación e FP](#)

3. HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS DE EDUCACIÓN SUPERIOR A TÍTULOS OFICIAIS UNIVERSITARIOS ESPAÑOIS DE GRAO OU MÁSTER QUE DEAN ACCESO A PROFESIÓNS REGULADAS EN ESPAÑA

A homologación habilita para o exercicio dunha **profesión regulada** en España. As profesións reguladas en España establécense segundo o Anexo do **Real Decreto 889/2022, do 18 de outubro**.

PROFESIÓN SANITARIAS	PROFESIÓN TÉCNICAS	PROFESIÓN DE CIENCIAS SOCIAIS
- <u>Dentista</u> - <u>Dietista-Nutricionista</u> - <u>Enfermeiro/a</u> - <u>Farmacéutico/a</u> - <u>Fisioterapeuta</u> - <u>Logopeda</u> - <u>Médico/a</u> - <u>Óptico/Optometrista</u> - <u>Podólogo</u> - <u>Psicólogo/a xeral sanitario</u> - <u>Terapeuta ocupacional</u> - <u>Veterinario/a</u>	- <u>Arquitecto/a</u> - <u>Arquitecto/a Técnico</u> - <u>Enxeñeiro/a Aeronáutico</u> - <u>Enxeñeiro /a Agrónomo</u> - <u>Enxeñeiro /a de Camiños, Canais e Portos</u> - <u>Enxeñeiro /a de Minas</u> - <u>Enxeñeiro /a de Montes</u> - <u>Enxeñeiro /a de Telecomunicacións</u> - <u>Enxeñeiro /a Industrial</u> - <u>Enxeñeiro /a Naval e Oceánico</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico Aeronáutico</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico Agrícola</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico de Minas</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico de Obras Públicas</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico de Telecomunicacións</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico de Topografía</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico Forestal</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico Industrial</u> - <u>Enxeñeiro /a Técnico Naval</u>	- <u>Mestre/a en Educación Infantil</u> - <u>Mestre /a en Educación Primaria</u> - <u>Profesor/a de ESO e Bacharelato, FP e Ensinanza de Idiomas</u> - <u>Avogado/a*</u> - <u>Procurador/a dos Tribunais*</u>

** Non son susceptibles de homologación*

❓ Máis información sobre o **procedemento de homologación**: [LIGAZÓN](#)

Se a profesión **non figura na lista ou non coincide con ningunha das profesións reguladas** en España, non poderá optar pola homologación. Con todo, si poderá solicitar a Declaración de equivalencia.

Máis información: [Declaración de equivalencia](#)

EMPRENDEMENTO

Na actualidade, o emprendemento no sector da construción en Galicia mantense **estable**, con máis de **27.000 persoas autónomas** afiliadas ao sector segundo os datos máis recentes publicados polo *Observatorio Industrial da Construción* a partir das cifras do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións (Decembro 2025).

No ámbito do emprendemento este sector experimenta un gran dinamismo, que non se limita á obra nova, senón que está directamente impulsado polo **auxe das reformas**, a rehabilitación de vivendas e a transformación de locais en desuso.

Obsérvase unha tendencia significativa na transformación de locais comerciais baleiros en vivendas. Neste sentido, a Xunta de Galicia publica periódicamente axudas enfocadas na reforma de locais e mellora da eficiencia enerxética.

[Consulta as axudas existentes](#)

RECURSOS PARA O EMPRENDEMENTO

MAPA EMPRENDEMENTO

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración promove o Mapa de Emprendemento galego, o cal pretende **impulsar un elemento de consulta para as persoas emprendedoras e empresas galegas** no cal poder acceder á información de interese sobre as entidades que realizan actividades e servizos de emprendemento en Galicia

REDE XATEMPREGO

Rede de apoio ao emprego, ao emprendemento e ao desenvolvemento local en Galicia, creada pola colaboración entre a Xunta de Galicia e diversos axentes públicos e privados.


Todos os seus servizos ofrécense **de maneira gratuíta** ás persoas interesadas

POLOS DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO

Unha rede que traballa para impulsar e consolidar **proxectos de emprendemento que teñan unha vinculación coa súa contorna**, tanto de forma presencial como en modalidade online.

Funcións principais:

- Acompañamento e asesoramento continuado
- Tutorización con profesionais de primeiro nivel
- Detección de necesidades e desenvolvemento de sectores.



15 POLOS DE EMPRENDEMENTO

Fonte: Páxina web Rede de Polos de Emprendemento e apoio ao emprego

[Ferramenta SIE](#)

[Microguías emprendemento](#)

[Bolsas de Remuda](#)

OFICINA VIRTUAL DE EMPREGO AUTÓNOMO

Plataforma creada pola Xunta de Galicia coa finalidade de **unificar e mellorar a atención ás persoas traballadoras autónomas**. Inclúe unha **Xanela Única** para consultas e trámites, acceso ás **axudas da Xunta**, servizos de **asesoramento técnico**, información sobre **formación**, un espazo para **ofertas de colaboración**, un **escaparate virtual** para promover produtos ou servizos, ademais de recursos de **seguridade laboral**, **publicacións** e **novas de interese**

 [AXUDAS PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS](#)

OFICINA VIRTUAL DE EMPRESAS

As persoas ou entidades empregadoras poden acceder a estes servizos de xeito presencial a través da rede de oficinas de emprego e de entidades colaboradoras ou de xeito telemático a través da Oficina Virtual de Empresas desde calquera lugar e as 24 horas do día.

PLATAFORMA PYME

Espazo web de apoio ás pequenas e medianas empresas que reúne información, ferramentas e recursos prácticos para mellorar a xestión empresarial, a competitividade e a dixitalización.

CONTRAT@

Contrat@ é un servizo electrónico que permite ás empresas comunicar os contratos de traballo e as súas modificacións ao Servizo Público de Emprego. Facilita o cumprimento das obrigas legais de forma rápida, segura e sen papel.

OUTROS AXENTES COLABORADORES

Fundación Laboral da Construción Estatal

Creada para facilitar a empresas e persoas traballadoras recursos do sector, conta con máis de 50 centros de formación, unha oferta compuesta por máis de 200 accións formativas e miles de profesionais formados cada ano.

- [Portal de ciclos formativos: grao básico, medio e superior](#)
- [Cursos online gratuitos de corta duración](#)
- [Xeración Cambio](#)

Fundación Laboral da Construción de Galicia (FLC)

Entidade sen ánimo de lucro que promove a formación, a cualificación profesional, a seguridade e a mellora do emprego no sector da construción, ofrecendo servizos e recursos tanto para traballadores como para empresas.

- [Cursos 100% subvencionados](#)
- [Buscador de ofertas de emprego](#)
- [Guía de centros](#)
- [Convenios provinciales](#)

Clúster da Construción de Galicia – Galicia

Espazo de coordinación empresarial que impulsa innovación, competitividade e talento no sector.

Federación Galega da Construción (Fegacons)

Organización empresarial que representa e defende os intereses das empresas do sector da construción en Galicia.

TENDENCIAS DE FUTURO

NECESIDADES E OPORTUNIDADES DO SECTOR DA CONTRUCCIÓN



DESENVOLVEMENTO DUN NOVO MODELO DE NEGOCIO NO SECTOR

O sector atópase nun momento de transformación importante no que está a evolucionar cara a unha industria máis **dixital, sostible, eficiente, innovadora, profesionalizada e segura**, para facer fronte aos novos retos sociais e medioambientais.

Os retos máis importantes que terán que ver cos cambios nos perfís ocupacionais están ligados á aparición de novos materiais de construción e novas formas de construír e modelos de desenvolvemento de infraestruturas máis sostibles.

RELEVO XERACIONAL

Os datos guindan un progresivo e alarmante **envellecemento** do persoal no sector da construción, un fenómeno que se foi xestando ao longo dos anos sen previsións de cambio a curto prazo. A nova industria da construción demanda persoas traballadoras con cualificación, que preserven a continuidade dos oficios e desenvolvan competencias emerxentes, con perfís tecnolóxicos.

EFICIENCIA ENERXÉTICA E A CONSTRUCIÓN INDUSTRIALIZADA

A eficiencia enerxética convértese nun eixo fundamental do sector, impulsando a redución do consumo enerxético e das emisións, así como a mellora do rendemento dos edificios. Isto implica a incorporación de solucións construtivas máis eficientes, o uso de materiais sostibles e a aplicación de novas tecnoloxías orientadas ao aforro enerxético. A construción industrializada, baseada na fabricación de elementos construtivos en espazos industriais e a súa posterior ensamblaxe *in situ* permite reducir prazos e custes ó tempo que mellora a calidade e eficiencia enerxética do produto, é unha oportunidade clave para modernizar o sector, ofertar vivenda accesible e sostible e paliar a escaseza de man de obra cualificada, ó trasladar parte do traballo a entornos máis controlados e tecnificados.

DIXITALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E OS PROCESOS

As tecnoloxías dixitais están a transformar a construción mediante os Digital Building Permits (DBP) e os Digital Building Logs (DBL). Os DBP dixitalizan os permisos de obra, facéndoo máis rápidos e transparentes, mentres que os DBL rexistran toda a información do proxecto ao longo da súa vida. Estas ferramentas, xunto con tecnoloxías como **BIM** e xemelgos dixitais, melloran a eficiencia, a sustentabilidade e xeran datos abertos útiles para administracións e cidadanía.

II PACTO DE VIVENDA DE GALICIA 2026-2030

O novo plan de vivenda da Xunta de Galicia busca mellorar o acceso á vivenda e transformar o mercado residencial galego, que contempla ampliar significativamente o parque público ata acadar as 10.000 vivendas protexidas no ano 2030, o que supón duplicar a oferta existente e facilitar o acceso a colectivos con dificultade, especialmente, a mocidade. Por outra banda, búscase o impulso de construción de nova vivenda, reforzar a rehabilitación do parque existente e promover o desenvolvemento do solo residencial, cun investimento público próximo aos 2.000 millóns de euros.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- [Ley 32/2006, de 18 de octubre](#), reguladora de la subcontratación en el sector de la construcción (LSC).
- [Real Decreto 1109/2007](#), de 24 de agosto, que desarrolla la Ley reguladora de la subcontratación en el sector de la construcción.
- [Ley 31/1995](#) de 8 de noviembre, de Riesgos Laborales (LPRL). Y posteriores modificaciones; Ley 50/1998, de 30 de diciembre; Ley 54/2003, de 12 de diciembre; Ley 31/2006, de 18 de octubre.
- [Código Técnico de la Edificación](#), aprobado por Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo.
- [Real Decreto 1627/1997](#), de 24 de octubre, por el que se establecen disposiciones mínimas de seguridad y salud en las obras de construcción
- [Ley Orgánica 3/2022](#), de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional.
- [Real Decreto 659/2023](#), de 18 de julio, por el que se desarrolla la ordenación del Sistema de Formación Profesional.
- [VII Convenio colectivo xeral do sector da construción](#). Resolución do 6 de setembro de 2023.